

VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANUNCIO da convocatoria e bases específicas do proceso selectivo para o ingreso, como persoal funcionario de carreira, en prazas incluídas na oferta de emprego público dos anos 2023 e 2026.

No *Boletín Oficial* da provincia (BOP) de Lugo número 133, do 12 de xuño de 2026, publícase a convocatoria e bases específicas que regulan o proceso selectivo para o ingreso, na Deputación Provincial de Lugo, nas prazas de persoal funcionario de carreira que a seguir se sinalan, incluídas na oferta de emprego público dos anos 2023 e 2026:


– Dúas prazas de enxeñeiro/a técnico/a agrícola do cadro de persoal funcionario, pertencentes á escala de Administración especial, subescala técnica, clase de técnicos/as medios, grupo A, subgrupo A2, mediante o sistema de concurso-oposición, cota xeral, acceso libre.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e bases no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no BOP de Lugo, así como no taboleiro de edictos e na web da Deputación Provincial.

Lugo, 16 de xuño de 2026

A presidenta da Deputación Provincial de Lugo
P.D. (Decreto do 14.1.2026)
Pablo Rivera Capón
Deputado provincial de Lugo



O presente documento estará
exposto no Taboleiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 08-07-2026
ata a día 08-08-2026
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

CVE-DOG: lmnclq0-rmh68-ndk5-emv6-se3ly4ymsg7

